




[www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-robotica](http://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-robotica)



# Grao en Robótica



[www.usc.gal](http://www.usc.gal)



# Robótica

O obxectivo do Grao en Robótica é proporcionar unha formación sólida aos estudantes que os capacite para traballar en ámbitos altamente especializados relacionados coa robótica mediante unha formación eminentemente aplicada e impartida por profesorado especializado.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría  
Rúa Benigno Ledo  
27002 Lugo  
[eps.secretaria.direccion@usc.es](mailto:eps.secretaria.direccion@usc.es)

Campus Lugo

+info [www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-robotica](http://www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-robotica)  
+34 982 823 011

## Presentación

Duración: 4 anos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 50

Nota de corte: 6,750

Data de inicio: Setembro

## Plan de estudos

A titulación abarca un total de 240 créditos distribuídos en 60 créditos de formación básica, 126 de materias obrigatorias, 30 créditos optativos, 12 créditos en prácticas externas obrigatorios e 12 créditos no Traballo Fin de Grao.

A formación integra materias e disciplinas moi diversas: Programación e Plataformas Software en Robótica, ROS, Teoría de Control e Automática, Electrónica e Tecnoloxía Eléctrica, Redes e Comunicacions, Robótica adaptativa, Robótica Móbil, Robótica Industrial, Robótica de Servizos, Robótica Aérea, Intelixencia Artificial, Visión Artificial, Sensores e Mecanismos, Procesado de Sinais, CAD, Impresión 3D, Plataformas Robotizadas, Teledetección, Axentes Conversacionais Visión Artificial Avanzada, Emprendemento e Xestión Empresarial, Ecosistemas robotizados, Interacción Robot-Persoa, Agricultura intelixente.

O alumno comezará a ensamblar e programar robots reais dende o primeiro curso, grazas a existencia de materias de “proxectos integrados”, de carácter totalmente práctico, e nas que porá en xogo os coñecementos adquiridos noutras materias para a resolución de retos en robots. Para obter o título é preciso completar os 240 créditos.



## Mobilidade e prácticas

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría dispón de numerosos convenios con universidades europeas o que facilita a realización de programas de intercambio: Erasmus, Bilaterais ou SICUE.

As Practicas Externas son Obrigatorias para o que se dispón de 119 convenios con diferentes empresas, institucións e organismos públicos. Ademais, contéplase a realización de prácticas extracurriculares.

